

Os vellos oficios (III)

ROSINA MARTÍNEZ BARRAL*

CANTEIRO

*Pica que pica na pedra
hora tras hora picando
o canteiro con bo tino
vaina amodo desbastando.*

*Co bo tino, sí señor,
que pro oficio de canteiro
ten que ser home de xeito
e non calquer fozalleiro.*

*Hai que facer o traballo
ben, como se debe, e donde,
porque non pode estar fora
do lugar que corresponde.*

*Si se fai unha moldura
tense que corresponder
unha pedra coa outra pedra,
ben se pode comprender.*

*Sen recortes nin virutas
soamente hai bon traballo
poñendo todo o sentido
pois non se admite o fall*



(*) Rosina Martínez Barral, betanceira, pertence a unha familia de artistas, bistoriadores e literatos, mantendo ela esta tradición ó traveso da pintura, do debuxo e da poesía.

CARRETEIRO

Coa aguillada na man
ó pe dos bois camiña o carreteiro
—a zorra ben baldeira ou xa cargada—
tratando de gañar algún diñeiro.
«Andade bois, andade para diante
hay que levar ó forneiro a fariña,
pois mañán xa sabemos nos espera
a tinalla e os goxos pra vendima».

E coa ilusión de ter apalabrado
un bon carreto pro seguinte día
alegre, asubiando o carreteiro
espanta co asubio a sua morriña.

Aquí un lle chama, alí outro lle berra
sempre disposto un amiguiño ten
pra defuntar, vaso tras vaso, un neto,
que non fai mal a naide, senón ben.




«CHICULATEIRO»

*Pra que o «chiculate»
saia ben logrado
a primeira cousa
torrar o cacao
e logo enseguida
despois de torrar
hai que espabilarse
e descascarillar.*

*Moe no cacao
o «chiculateiro»
dando ca rebola
enriba da pedra
pra que a moedura
resulte máis boa
pon brasas debaixo
e quéntase a moa.*

*Pésase o azucre,
cacao e fariña
tamén a canela
e faise a masiña
vólvese a pesar
e fanse as libriñas
que na bateadeira
quedarán feitiñas.*

*Despois de batidas
póñense a secar
e listas xa están
pra lambetear.*



FERREIRO

Cal unha campaiña que soando está
así o son do ferreiro traballando
escoitándose vai.
Aprendendo de Vulcano as artes de domear
do ferro a fortaleza, con lume a forxa
martelo en man,
unha cruz fai que a redención recordará
ós que de Cristo seguen as ensinanzas
que os salvarán.

Semella un gran titán que á forza sua
nada resiste, e né certo, en verdá,
que a maña que lle dicta a inteloxencia
é a principal forza que os traballos fai.
Aquí ten unha croa pra cinguir a testa
de soberano que triunfando vai,
alí os grillós, cadeas, pechaduras,
pros que sufrindo no presidio están.
A vida ten de todo, é conto vello,
e o ferreiro de todo sempre fai,
a cotío mil cousas se precisan
tanto que pra rir sexan ou chorar.



FORNEIRO

Non é oficio moi doado
aquele que suda o forneiro
porque o forno lle semella
como a entrada do inferno.

Dende a mañá moi cediño
lume encende pró queantar
o se atope a bon tempero
cando se queira enfornar.

O tráfego empeza logo
a cocer pras panadeiras
unha fornada tras outra
pra reparti-lo as primeiras.


E cando chegan as festas
e a xente fai larpeiradas
volven tarumba ó forneiro
con tantas arrualladas.

Non faltan as empanadas,
biscoitadas e roscós,
doces de tódalas clases
e asados para os lambós

Unha: «Que non se me queime»;
outra: «Que non quede cruo»;
«que non saia alampeado»;
todas arman gran barullo.

Hoxe enforando e mañá
a facer nova fornada
tanto que sexa a diario
ou que haxa festa rachada.

E que o oficio de forneiro
non se pode suspender
porque é de tódolos días
que o panciño hai que comer.



PALILLEIRA

*Miro e ademiro á palilleira
que fermosos e finos
encaixes fai.*

*Cal mas de fada laboriosa,
caprichosa, sutil e primorosa
traballando vai.*

*Coa súa «almohadiña» no regazo
dando ós palillos con habilidá
mellor non hai.*

*que faga eses primores que semella
obras de xenios que no mundo
non hai.*

—¿En onde adeprende tal boniteza?

*—Na casa adeprende que lle ensinou
sua nai.*

*Unha rosiña aquí, alí un calado
en cada buratiño un alfinete
¿cómo fai?*

*Traballando e mirando sempre adiante
porque o que queda atrás diante
non vai.*



PRANCHADORA

«Cóidame na casa
que eu te honrarei na praza»
(Díxolle a roupa a seu dono)

Certo que se na casa
non tratas ben a roupa
irás feito un baldragas
cando saias afora.

Pranchada a camisola
o «cuello» amidonado
o pantalón con raia
e o pano ben lavado
¿darache un señorío!
¿E quén fai o milagro?

A pranchadora faino
con todo ben pranchado.
¡Qué «currutacos» van
os nenos vestidiños
de traxes mariñeiros
de amidón os «cuelliños»!

E cando a pranchadora
sae pra claquer lugar
«vai feita unha señora»
din ó ve-la pasar.



TELLEIRO

*O barro amasando está
o telleiro traballando
pra facer tellas que logo
as casas irán tapando.*

*¿Como estaría unha casa
se tellado non tivera?
xa non daría acobexo
nin quen habitase nela.*

*Por iso, e por facer ben
os telleiros fan as tellas
pra tornarnos a sarabia
a choiva e máis as centellas.*

*As tellas sigue facendo
pra ben de todos, telleiro,
que a xente sae servida
e ti gañas bon diñeiro.*



ROSINA
MARTINEZ
1986